

BOEXPEDIENTE: 2026/G010/000007

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 06/08/2026

TRÁMITE: RESOLUCIÓN

A Resolución da Alcaldía 433/2026 do 30 de xullo de 2026 resolveu convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o xoves 6 de agosto de 2026 a fin de tratar o seguinte punto único da Orde do día: CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2026.

Con data 03 de agosto de 2026 emítese informe de Secretaría-intervención no que se conclúe que *"Habida conta de que as eleccións municipais terán lugar o vindeiro 23 de maio de 2027 e que, tal e como xa se explicara no informe do 30/07/2026, non é posible plantexar cuestións de confianza no último ano de mandato da corporación, rectifícase a conclusión errónea do citado informe de xeito que se informa desfavorablemente a proposta ao Pleno"*.

En consecuencia dándose unha perda sobrevida do obxecto da sesión convocada con un único punto na orde do día, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 41 e concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- **Desconvocar** a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal prevista para o xoves 6 de agosto de 2026.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do órgano colexiado coa indicación dos recursos que procedan.

Dodro, documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria, Sandra María García Chenlo, que da fe.